

PLENO DO EXCMO. CONCELLO .- Núm. 17.

CONVOCATORIA

ORDE DO DIA para a sesión ORDINARIA que terá lugar o día 25 de SETEMBRO de 2019, ás NOVE HORAS, no salón de Plenos deste Concello.

PARTE RESOLUTIVA

- 1.- Actas anteriores:** (Extraordinaria e urxente do 1.07.19 e extraordinaria do 24 de xullo de 2019).

Mocións:

- 2.-** Moción do concelleiro Non adscrito, instando ao goberno central e a Xunta de Galicia a aprobación de varios acordos en apoio ás propostas da Confederación Intersindical Galega (CIG) para o sector da automoción. Rexistro Pleno 2174/1101.
- 3.-** Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia crear un liña específica de axudas económicas para as empresas industriais (naval, automoción, pesca, telecomunicacións, etc. que realizan proxectos de innovación. Rexistro Pleno 2177/1101.
- 4.-** Moción do grupo municipal Socialista, instando ao Consorcio Casco Vello a facilitar aparcadoiros e prezos reducidos aos propietarios e/ou inquilinos de vivendas e locais do Casco Vello e outros acordos complementarios. Rexistro Pleno 2178/1101.
- 5.-** Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a decretar a gratuidade do aparcadoiro do Hospital Alvaro Cunqueiro e a cesión ao Concello de Vigo da Parcela 5 do Complexo Hospitalario. Rexistro Pleno 2179/1101.
- 6.-** Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a resolver de forma inmediata a concesión das axudas ao alugueiro do Plan de Vivenda Estatal do ano 2018, Liña A, para persoas con escasos recursos e outros acordos complementarios. Rexistro Pleno 2180/1101.
- 7.-** Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a que abandone a súa pretensión de recadar un canon de regularización na presa de Eiras desde 2014 ao Concello de Vigo por un servizo que non realiza. Rexistro Pleno 2181/1101.

PARTE DE CONTROL

8.- Dar conta de resolucións da Alcaldía. Expte. 651/1102 (Rexistro Pleno 2185/1101).

9.- Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as. Expte. 652/1102 (Rexistro Pleno 2186/1101).

Mocións.

10.- Moción do grupo municipal do Partido Popular, instando ao goberno municipal a redactar e tramitar as modificacións puntuais do PXOM vixente para executar os proxectos do Pavillón de Matamá e o acceso ao Colexio Párroco Don Camilo e outros acordos complementarios. Rexistro Pleno 2182/1101.

11.- Moción do grupo municipal Mixto, instando ao goberno municipal a redacción e aprobación dunha ordenanza municipal reguladora de Mobilidade Sostible e outros acordos complementarios. Rexistro Pleno 2183/1101.

12.- Formulación de rogos.

13.- Formulación de preguntas.

DECRETO DE CONVOCATORIA:

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes concluídos para a súa inclusión na orde do día, convócase ó Pleno da Corporación para ter lugar sesión ORDINARIA no salón de Plenos ás NOVE HORAS do día VINTE E CINCO, para resolver os asuntos da devandita relación.

Se na primeira convocatoria non existira o quorum necesario, entenderáse convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concorrencia puntual ó acto e fágase público no taboleiro da Casa do Concello ós efectos de información.

am

Vigo, data sinatura electrónica

O ALCALDE,

Abel Caballero Álvarez

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

José Riesgo Boluda.